



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Instituto Educación Secundaria de Beade

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade – VIGO

NIF: Q-8655253-F - Telf. 886 111 030

ies.beade@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/>

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co indicado na Resolución do 19 de setembro do 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG nº 187 do 30 de setembro do 2022), realizarase proximamente neste centro **a renovación parcial do CONSELLO ESCOLAR.**

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **XUNTA ELECTORAL**, que se constituirá ao efecto, e estará integrada por:

- O director do centro.
- Un profesor/a
- Un pai/nai/titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos.
- Un alumno/a de educación secundaria.

Designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes, segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo celebrarase neste centro o vindeiro luns **31 de outubro, ás 10:00 no vestíbulo do instituto.**

IES Beade, 25 de outubro do 2021

O director,

Asdo.: Xosé Alfredo Naz Fernández

